

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**9228** Orde HAP/1724/2015, do 31 de xullo, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado.

O artigo 134 da Constitución española establece que a elaboración dos orzamentos xerais do Estado corresponde ao Goberno e o seu exame, emenda e aprobación, ás Cortes Xerais.

De acordo co dito precepto constitucional, a Lei de orzamentos xerais do Estado constitúe o corpo normativo en que se inclúe o plan económico-financeiro do Goberno para cada exercicio, o cal debe ser aprobado polas Cortes Xerais. Unha vez executado o orzamento, as Cortes Xerais deberán proceder tamén ao control dos resultados da dita execución.

O dito control, que realizará o Tribunal de Contas por delegación das Cortes Xerais, efectúase sobre un documento básico, a Conta Xeral do Estado, que deberá ser elaborado polo Goberno. Neste documento poñerá de manifesto o cumprimento do mandato recibido das Cortes Xerais cando se efectuou a aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado.

Así, é preciso destacar que o peche do ciclo orzamentario, que se inicia coa elaboración e aprobación dos orzamentos xerais do Estado, se produce coa aprobación da Conta Xeral do Estado do correspondente exercicio.

Xa que logo, a elaboración e remisión da Conta Xeral do Estado constitúe un aspecto fundamental no proceso de rendición de contas por parte dos responsables da execución dos orzamentos aprobados polo poder lexislativo.

A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, regula, nos seus artigos 130 e seguintes, o contido da Conta Xeral do Estado, a súa formación pola Intervención Xeral da Administración do Estado, así como a súa posterior remisión ao Tribunal de Contas.

O artigo 130 da dita lei, segundo a redacción dada a este pola Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, regula o contido da Conta Xeral do Estado e establece que se formará mediante a consolidación das contas anuais das entidades que integran o sector público estatal e comprenderá o balance consolidado, a conta do resultado económico patrimonial consolidada, o estado de cambios no patrimonio neto consolidado, o estado de fluxos de efectivo consolidado, o estado de liquidación do orzamento consolidado e a memoria consolidada. Ademais, indica que a dita conta xeral deberá subministrar información da situación patrimonial e financeira, do resultado económico patrimonial e da execución do orzamento do sector público estatal.

Esta redacción configura a Conta Xeral do Estado como un documento informativo formado pola consolidación das contas rendidas polos responsables das distintas entidades públicas, coa finalidade de ofrecer unha visión de conxunto da actividade desenvolvida por todo o sector público estatal.

Pola súa parte, o artigo 124 da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada a este pola Lei 2/2012, antes mencionada, establece que lle corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, determinar o contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de consolidación da Conta Xeral do Estado.

O proceso de consolidación da Conta Xeral do Estado iniciouse coa aprobación da Orde do 12 de decembro de 2000 pola cal se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado. A dita norma, cuxo obxectivo era que a Conta Xeral do Estado ofrecese información consolidada da actividade desenvolvida por todo o sector público estatal, acometeu o dito proceso de forma paulatina, xa que era un tema innovador e non era posible extrapolar as normas de consolidación do sector privado ao sector público, porque as entidades do sector público estatal presentan moitas peculiaridades e entre elas danse relacións de

dependencia moi diversas, e porque no sector público estatal coexisten dous réximes de contabilidade, un público e outro privado, que dificultan *a priori* a presentación de estados consolidados.

Por iso, estableceuse que a Conta Xeral do Estado estaba constituída por tres documentos: Conta xeral do sector público administrativo, Conta xeral do sector público empresarial e Conta xeral do sector público fundacional, que inicialmente se presentaban agregadas, aínda que posteriormente a Conta xeral do sector público administrativo xa se elaborou consolidada.

Por outro lado, tendo en conta os avances conseguidos na calidade da información contable incluída nas contas anuais individuais das administracións públicas, mediante a aprobación do vixente Plan xeral de contabilidade pública por medio da Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, que pretendeu avanzar no proceso de normalización contable, en especial, a través da adaptación dos seus principios aos criterios contables previstos nas normas internacionais de contabilidade do sector público emitidas pola Federación Internacional de Contables (IFAC), formulou a necesidade de avanzar tamén na elaboración de contas consolidadas no ámbito do sector público.

Tendo en conta os antecedentes anteriores, no marco do proceso de mellora e modernización da contabilidade pública e de avance en materia de consolidación, considérase fundamental avanzar cara á elaboración da Conta Xeral do Estado como unha conta única consolidada, tal como se establece na presente orde ministerial.

Neste sentido, cabe destacar que a conta única consolidada é o instrumento adecuado que permite cumprir os obxectivos xerais da Conta Xeral do Estado, como son o fornecemento de información sobre a situación económica, financeira e patrimonial, sobre os resultados económico-patrimoniais e sobre a execución e liquidación dos orzamentos e o grao de realización dos obxectivos. É preciso ter en conta que nin as contas individuais nin a agregación destas proporcionan información adecuada para o cumprimento deses obxectivos. Esta insuficiente información é especialmente relevante na actualidade, tendo en conta, por unha parte, a crecente descentralización na prestación dos servizos públicos a través de diversas entidades dotadas de orzamento propio e xestión económico-financeira independente e, por outra, a existencia de múltiples transaccións entre os distintos organismos e entidades que integran o sector público estatal, coa evidente incidencia da súa non consolidación na representatividade das contas elaboradas mediante agregación.

Ademais, a conta única consolidada ofrece unha mellor información sobre o enbedamento do sector público estatal no seu conxunto e sobre o tamaño, o crecemento e o impacto socioeconómico da súa actividade. En relación cos servizos públicos encomendados, permite unha visión global destes e subministra unha mellor información respecto da capacidade económica do sector para a súa prestación.

Por outra parte, a Intervención Xeral da Administración do Estado elaborou unhas normas sobre consolidación de contas no sector público, que foron aprobadas pola Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, que constitúen o marco contable para todas as administracións públicas, e son de aplicación obrigatoria no sector público estatal, a partir do 1 de xaneiro de 2014.

En consecuencia, é necesario modificar o contido da Orde do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da Conta Xeral do Estado, para adaptala ao previsto na citada Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.

No entanto, tendo en conta que a Orde do 12 de decembro de 2000 xa fora modificada en moitas ocasións, e o alcance das modificacións que habería que incluír para realizar tal adaptación, considerouse necesario elaborar unha nova norma en vez de modificar a actualmente vixente, tal e como aconsellan nestes casos as directrices de técnica normativa.

Polo que respecta ao contido da norma, a nova orde non especifica o contido completo como facía a anterior, senón que remite ao das normas sobre consolidación de contas no ámbito do sector público, e establece as especialidades que respecto deste se deben aplicar na elaboración da Conta Xeral do Estado.

Unha das principais novidades que supón a elaboración da Conta Xeral do Estado como unha conta única consolidada, de acordo co previsto na Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, é a ampliación do ámbito subxectivo, ao se integraren non soamente as entidades pertencentes ao sector público estatal, como ata agora, senón tamén as entidades controladas directamente ou indirectamente pola Administración xeral do Estado que non forman parte do sector público estatal, as entidades multigrupo e as entidades asociadas.

As ditas entidades deberán remitir as súas contas anuais aprobadas e, se é o caso, formuladas, á Intervención Xeral da Administración do Estado, para a súa integración na Conta Xeral de Estado.

Dado que a Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público, permite diferentes métodos na integración das contas, regúlase na presente orde o método de integración elixido.

Dado o número de entidades que hai que integrar e o elevado número de operacións internas, establécese un período transitorio no cal, en determinados casos, se utilizará o método de posta en equivalencia modificado, que xa estaba previsto no documento «Consolidación de contas no sector público», aprobado pola Comisión de expertos para a elaboración de estudos de contabilidade pública, na súa sesión do 22 de maio de 2006, e que consiste en utilizar o procedemento de posta en equivalencia, é dicir, actualizar o valor do investimento na entidade á porcentaxe de participación no seu patrimonio neto, sen efectuar homoxeneizacións previas nin eliminacións de resultados por operacións internas económico-financeiras.

Así, esta orde estrutúrase en nove artigos, unha disposición adicional, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e tres anexos.

A aprobación desta orde realízase por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo coas competencias que ao dito centro directivo lle outorga o artigo 124.c) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para determinar o contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de consolidación da Conta Xeral do Estado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo 1. Aplicación das normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público na elaboración da Conta Xeral do Estado.*

O contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de consolidación da Conta Xeral do Estado axustaranse ao previsto na Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, pola cal se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público, en diante, Normas de consolidación, coas especialidades previstas nos artigos seguintes da presente orde.

*Artigo 2. Contido da Conta Xeral do Estado.*

A Conta Xeral do Estado formarase mediante a consolidación das contas anuais das entidades que integran o sector público estatal.

Así mesmo, integraranse na Conta Xeral do Estado as contas anuais das entidades controladas directa ou indirectamente pola Administración xeral do Estado que non forman parte do sector público estatal, as das entidades multigrupo e as das entidades asociadas.

*Artigo 3. Entidades que se integrarán na Conta Xeral do Estado.*

1. O grupo de entidades, para os únicos efectos de elaboración da Conta Xeral do Estado, está formado pola entidade dominante e todas as súas entidades dependentes, con independencia de que estas últimas poidan quedar excluídas da consolidación, de acordo co previsto no artigo 4 desta norma.

2. A entidade dominante é a Administración xeral do Estado.

3. Serán entidades dependentes todas as entidades do sector público estatal previstas no artigo 2 da Lei xeral orzamentaria, así como o resto de entidades sobre as cales a Administración xeral do Estado exerce control, definido conforme o previsto no artigo 2 das normas de consolidación.

4. Tamén se integrarán na Conta Xeral do Estado as entidades multigrupo e as entidades asociadas, definidas conforme o previsto nos artigos 4 e 5 das normas de consolidación, respectivamente.

5. As entidades dependentes, multigrupo e asociadas que se integrarán na Conta Xeral do Estado de cada exercicio deberán estar identificadas como tales no Inventario de entes do sector público estatal, autonómico e local, cuxa xestión e publicación corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado.

6. As contas anuais que se integrarán na Conta Xeral do Estado serán as contas aprobadas e remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado no prazo previsto na Lei xeral orzamentaria. No caso de grupos empresariais obrigados a presentar contas consolidadas, as contas que se integrarán serán as do citado grupo.

Integraranse as contas anuais aprobadas que teñan informe de auditoría con opinión desfavorable ou con opinión denegada, sempre que cumpran cos requisitos de coherencia interna necesarios para a súa integración. Se é o caso, informarase na memoria dos motivos da non integración.

Tamén se integrarán as contas aprobadas e remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado fóra do prazo legalmente previsto, pero antes do 7 de setembro.

En caso de que non se recibisen as contas aprobadas de acordo co establecido anteriormente, integraranse as contas formuladas remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, no prazo previsto no parágrafo anterior, sempre e cando estas contas formuladas cumpran cos requisitos de coherencia interna necesarios para a súa integración. Se é o caso, informarase na memoria dos motivos da non integración.

#### Artigo 4. *Entidades excluídas da consolidación.*

Non se integrarán na Conta Xeral do Estado:

- a) As entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 8 da Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.
- b) As entidades cuxa matriz directa non se integrase na Conta Xeral do Estado.

#### Artigo 5. *Métodos de integración das contas anuais.*

1. O método de integración global aplicarase ás entidades do grupo, salvo ás entidades de crédito e de seguros.

2. O procedemento de posta en equivalencia ou método da participación aplicarase ás entidades multigrupo, ás asociadas e ás entidades de crédito e de seguros dependentes.

3. Os consorcios adscritos á Administración pública estatal conforme o establecido na disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que forman parte do sector público estatal segundo dispón o artigo 2.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, integraranse mediante o procedemento de posta en equivalencia ou método da participación cando a Administración pública estatal non exerza o control sobre estes.

#### Artigo 6. *Modelos de contas anuais da Conta Xeral do Estado.*

Os modelos de balance, conta de resultado económico patrimonial, estado de cambios no patrimonio neto, estado de fluxos de efectivo e estado de liquidación do orzamento consolidado da Conta Xeral do Estado son os que se inclúen no anexo I da presente orde.

*Artigo 7. Información que se deberá incluír na memoria consolidada.*

A memoria da Conta Xeral do Estado subministrará a información prevista na Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, coas seguintes precisións:

a) En relación co número 5, Normas de recoñecemento e valoración, farase referencia unicamente ás normas de recoñecemento e valoración relativas ás partidas específicas que xurdan ao realizar a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado a consolidación da Conta Xeral do Estado, dado que o resto da información requirida nesta nota se encontra recollida nas memorias das contas anuais de cada unha das entidades integradas na Conta Xeral.

b) Substitúese o número 21 «Información orzamentaria consolidada» polo seguinte:

21. Información orzamentaria consolidada.

21.1 Información orzamentaria das entidades cuxo orzamento de gastos ten carácter limitativo.

Presentarase a seguinte información de acordo cos modelos previstos no anexo II da presente orde:

- Modificacións de crédito.
- Obrigas pendentes de pagamento de orzamentos pechados.
- Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.
- Dereitos para cobrar de orzamentos pechados.
- Dereitos pendentes de cobramento en 31 de decembro de orzamentos pechados.

Antigüidade dos saldos.

- Remanente de tesouraría.

21.2 Información orzamentaria das entidades cuxo orzamento de gastos ten carácter estimativo.

Incluirase a liquidación dos orzamentos de explotación e de capital das entidades cuxos orzamentos fosen aprobados pola Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

Esta información presentarase en función do tipo de entidade e de acordo cos modelos previstos na citada Lei de orzamentos xerais do Estado, co nivel de agregación que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado.

c) O número 24 «Feitos posteriores ao peche» pasa a ser número 25 «Feitos posteriores ao peche», co mesmo contido.

d) Introdúcese o número 24 «Información en termos de contabilidade nacional» seguinte:

24. Información en termos de contabilidade nacional.

Na Conta Xeral do Estado incluírase información relativa ao resultado obtido pola Administración central e polos fondos da Seguridade Social en termos de contabilidade nacional, determinado de acordo cos criterios de delimitación institucional e imputación de operacións establecidos no Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea (SEC-2010), e demais normativa comunitaria aplicable, de acordo cos modelos previstos no anexo III desta orde.

A información que se incluírá coincidirá cos últimos datos de carácter definitivo (que serán os relativos ao exercicio inmediato anterior a que se refire a Conta Xeral) notificados á Comisión Europea en cumprimento das obrigas impostas aos Estados membros polo procedemento de déficit excesivo regulado no Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, modificado polo Regulamento UE nº 220/2014 da Comisión, do 7 de maio de 2014.



*Artigo 8. Información que remitirán á Intervención Xeral da Administración do Estado as entidades que se vaian integrar na Conta Xeral do Estado.*

1. Ao inicio de cada exercicio, a Intervención Xeral da Administración do Estado comunicará aos responsables das entidades a súa integración na Conta Xeral do Estado do dito exercicio, para o efecto de que poidan cumprir o previsto nos números seguintes. Estas entidades serán as que estean identificadas como tales no Inventario de entes do sector público estatal, autonómico e local, cuxa xestión e publicación corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado. Así mesmo, informarase o Tribunal de Contas das entidades que compoñen o perímetro de consolidación da Conta Xeral do Estado.

2. As entidades do sector público estatal deberán poñer á disposición da Intervención Xeral da Administración do Estado as súas contas anuais formuladas, así como as súas contas aprobadas e, se é o caso, o correspondente informe de auditoría, no prazo previsto na Lei xeral orzamentaria.

3. Para efectos de elaboración da Conta Xeral do Estado, a Intervención Xeral da Seguridade Social deberá remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado a información consolidada referente ao Sistema da Seguridade Social, no prazo e a través dos medios que conveñan ambas as partes.

4. As entidades controladas directa ou indirectamente pola Administración xeral do Estado que non forman parte do sector público estatal, as entidades multigrupo e as entidades asociadas que se integrarán na Conta Xeral do Estado deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado as súas contas anuais aprobadas dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico, xunto, se é o caso, co informe de auditoría.

Para os efectos previstos no número 6 do artigo 3 da presente orde, cando estas entidades non remitan as súas contas aprobadas de acordo co disposto no parágrafo anterior, deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado as súas contas anuais formuladas, a través do procedemento que se determine para as contas aprobadas.

Mediante orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas determinarase o procedemento de remisión da dita información.

5. As entidades que se van integrar na Conta Xeral do Estado deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado información relativa ás operacións realizadas durante o exercicio coas restantes entidades que se integran na Conta Xeral do Estado, co contido e a través dos medios que estableza a Intervención Xeral da Administración do Estado.

6. As entidades que presenten contas de forma abreviada ou segundo o disposto no Plan xeral de contabilidade de pemes deberán remitir un estado de fluxos de efectivo xunto coas súas contas anuais aprobadas e/ou formuladas, a través dos medios que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado.

7. As fundacións do sector público estatal deberán remitir un estado de cambios no patrimonio neto xunto coas súas contas anuais aprobadas e/ou formuladas, de acordo co modelo e a través dos medios que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado.

8. As matrices directas das entidades multigrupo e asociadas con participación indirecta da Administración xeral do Estado que non formen parte dun grupo consolidado deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado, a información necesaria para a integración das ditas contas na Conta Xeral do Estado de acordo co modelo e a través dos medios que determine a Intervención Xeral da Administración do Estado.

9. As entidades que se van integrar na Conta Xeral do Estado deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado calquera información que o dito centro directivo considere necesaria para a elaboración da citada conta xeral.

*Artigo 9. Tratamento de determinadas operacións.*

1. Non serán obxecto de consolidación as operacións entre entidades cuxas contas foron integradas na Conta Xeral do Estado que se refiran a tributos estatais e a cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador.

2. Imposto sobre beneficios. Imposto diferido.

Realizarase unha homoxeneización consistente na eliminación dos activos e pasivos por imposto diferido rexistrados nas entidades que son suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, ao tratarse de partidas que reflicten futuros créditos e débitos coa Facenda pública.

3. Débeda pública.

A eliminación das partidas recíprocas derivadas das operacións relativas á débeda pública realizarase a partir da información subministrada á Intervención Xeral da Administración do Estado polas entidades que son posuidoras (tedoras) desta.

4. Tratamento da diferenza de primeira consolidación na eliminación investimento-patrimonio neto no método de integración global.

O cálculo da diferenza de primeira consolidación efectuarase coa situación existente en 1 de xaneiro de 2014, data de comezo do primeiro exercicio en que existe a obriga de elaborar a Conta Xeral do Estado consolidada, de acordo co previsto no artigo 19.3 da Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, e con independencia de que a entidade dependente non chegase a integrarse na Conta Xeral do Estado do exercicio 2014 por algún dos motivos que se regulan no artigo 4 da presente orde.

No caso de que xurdan diferenzas negativas de consolidación, serán consideradas como reservas da entidade que posúa a participación, segundo dispón o artigo 22.3 da Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo.

5. Tratamento en consolidacións posteriores da eliminación investimento-patrimonio neto no método de integración global.

A diferenza de primeira consolidación calculada en 1 de xaneiro de 2014, de acordo co establecido no artigo 9.3 da presente orde, será a que se teña en consideración á hora de calcular as variacións no patrimonio neto nas consolidacións que se realicen con posterioridade.

As variacións que se produzan, se é o caso, no perímetro de consolidación por algún dos motivos previstos no artigo 4 da presente orde, reflectiranse na fila «Variacións derivadas da variación do ámbito subxectivo» do estado total de cambios no patrimonio neto consolidado.

6. Repercusión da utilización de contas anuais formuladas nun exercicio na consolidación do exercicio posterior.

Cando, en virtude do disposto no número 6 do artigo 3 da presente orde, se integren as contas anuais formuladas dunha entidade, as variacións que se produzan, se é o caso, nas contas aprobadas reflectiranse na Conta Xeral do Estado do exercicio seguinte, na fila «B. Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros», do estado total de cambios no patrimonio neto consolidado.

7. Consolidación dos créditos e as previsións iniciais e das modificacións de crédito.

Eliminaranse os créditos e previsións iniciais e as modificacións de crédito que dean lugar a compromisos e a dereitos recoñecidos que sexan obxecto de consolidación ao tratarse de operacións recíprocas entre entidades integradas, e afectarán, por tanto, todos os capítulos e programas de gasto.

As eliminacións realizaranse, en primeiro lugar, nos créditos e previsións iniciais e, unha vez esgotados, nas modificacións de crédito, ao non ser posible identificar o crédito ou as previsións de que proceden as obrigas e os dereitos recoñecidos.

Tamén se eliminarán os créditos e as previsións iniciais e as modificacións de crédito correspondentes ás operacións de transferencias internas do programa de gastos 000X que afectan os artigos 40 a 43 e 70 a 73 dos orzamentos de gastos e ingresos, aínda que non desen lugar á adquisición de compromisos ou ao recoñecemento de obrigas e dereitos.

8. Importancia relativa das eliminacións de partidas intragrupo e resultados.

En virtude do principio de importancia relativa, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá non eliminar aquelas operacións que sexan escasamente significativas, cuxa omisión, xa que logo, non afecte a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento do grupo.

Por outra parte, e en aplicación do citado principio de importancia relativa, en caso de que os importes contabilizados polas entidades non fosen idénticos e sempre e cando as diferenzas entre ambos sexan escasamente significativas, a Intervención Xeral da Administración do Estado optará por efectuar a eliminación do importe menor coincidente.

Disposición adicional única. *Obriga de consolidar de determinadas entidades do sector público estatal.*

As entidades públicas empresariais e outras entidades do sector público estatal, con excepción das sociedades mercantís estatais sometidas á normativa mercantil en materia contable que, ao dominar outras entidades sometidas á dita normativa, formen un grupo de acordo cos criterios previstos nas normas para a formulación de contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, formularán as súas contas anuais consolidadas para efectos da elaboración da Conta Xeral do Estado, de acordo cos criterios establecidos nas ditas normas.

Disposición transitoria primeira. *Procedemento de integración das contas anuais de determinadas entidades na Conta Xeral do Estado.*

